

**CONCELLO DA CAPELA**

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@concellodacapela.es](mailto:correo@concellodacapela.es)Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 11 DE XULLO DE 2017**

<b>ASISTENTES:</b>  <b>Presidente:</b> D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ  <b>CONCELLEIROS/AS</b>  D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ D. <sup>a</sup> MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUJ  <b>SECRETARIO:</b> D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ	No Salón de sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña sendo as dez horas do día once de xullo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnen os concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe. Disculpan a asistencia os Concelleiros D. <sup>a</sup> Laura Piñeiro Montes e D. David Rodríguez Sanmartín.
---	--

**1.RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN, APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta ao Pleno da Corporación que a urxencia da convocatoria da sesión vén motivada pola necesidade de aprobar o expediente de licitación e contratación da obra "Pavimentación vía municipal Os Calzados – San Boulo", incluída no Plan único de Concellos POS +2017, ó ser esta obra competencia do Pleno da corporación, todo elo aos efectos de proceder ao anuncio inmediato de licitación, para que a obra poida ser contratada e executada nos meses de verán.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión, ratifica a urxencia da sesión.

**2.LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2017. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Pola Alcaldía - Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e nove de xuño de dous mil dezasete.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es> O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

### **3. EXPEDIENTE DE LICITACIÓN E CONTRATACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN VÍA MUNICIPAL OS CALZADOS - SAN BOULO", INCLUÍDA NO POS +2017. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación, de que a Deputación Provincial da Coruña, en data oito de xuño de dous mil dezasete, aprobou o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal Plan Único de Concellos POS + 2017, que foi notificado ao concello mediante circular de data catorce de xuño de dous mil dezasete.

Instruído o correspondente expediente é competencia do Pleno da Corporación a aprobación do mesmo así como a licitación e contratación da obra de referencia, xa que o orzamento da mesma que ascende á cantidade de 102.415,92€ IVE engadido excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que na Proposta da Alcaldía figura empregar como sistema de contratación o de procedemento aberto cun un único criterio de valoración: factor prezo e tramitación urxente, aos efectos de que a obra se poida contratar e efectuar no período de verán, a tales efectos publicaranse anuncios de licitación no BOP, xornal La Voz de Galicia e perfil do contratante do concello.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise estar de acordo co procedemento de contratación proposto para que a obra se poida facer canto antes tal como se aprecia no informe do técnico municipal.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, coméntase que non hai nada que dicir ao xa manifestado con respecto ás obras do POS + 2017 noutras sesións plenarias.

Visto o anterior, e sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobado o expediente de licitación e contratación da obra denominada "Pavimentación vía municipal Os Calzados – San Boulo" POS +2017, cun orzamento que ascende á cantidade de 102.415,92 € , IVE engadido, de conformidade co establecido nos artigos 109 e 110 do RDL 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSF).



## CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: [correo@concellodacapela.es](mailto:correo@concellodacapela.es)

Web: [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es)

2º. Empregar como sistema de contratación o de procedemento aberto cun único criterio de valoración: factor prezo e tramitála por procedemento urxente ós efectos de que a obra se poida executar no período do verán, dadas as características técnicas da mesma.

3º. Publicar a tal efecto anuncios de licitación no BOP, xornal "La Voz de Galicia" e perfil do contratante do Concello, na páxina web do Concello [www.concellodacapela.es](http://www.concellodacapela.es).

4º. Empregar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a licitación e contratación das obras de referencia, mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración: factor prezo, aprobado pola Deputación Provincial da Coruña o día 30 de decembro de 2015 (BOP Nº 3 de data 7 de xaneiro de 2016).

5º. Aprobar o gasto da obra de referencia que ascende á cantidade de 102.415,92 €, IVE engadido.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas cinco minutos de todo o cal eu, secretario, dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

**O Secretario,**

**Manuel Meizoso López**

**José Antonio Meizoso Paz**